Titorial de Empaquetado en Debian

Lucas Nussbaum
packaging-tutorial@packages.debian.org

versión 0.29 – 2021-11-03

Sobre este titorial

- Obxectivo: **contarche o que debes saber sobre os paquetes en Debian**
  - Modificar paquetes existentes
  - Crear os teus paquetes propios
  - Interactuar coa comunidade de Debian
  - Converterse nun usuario avanzado
- Trata os temas máis importantes, pero non está completo
  - Terás que ler máis documentación
- A maioría dos contidos tamén se aplican ás distribucións derivadas de Debian
  - Eso inclúe Ubuntu

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Debian

- **Distribución GNU/Linux**
- A primeira distribución importante «centrada nas ideas de GNU»
- **Non comercial**, construído en común por milleiros de voluntarios
- 3 características principais:
  - **Calidade** – comunidade con experiencia técnica
    Sairá cando teña que saír
  - **LIbertade** – desenvolvedores e usuarios obrigados polo *Contrato Social*
    Promovendo a cultura do Software Libre dende 1993
  - **Independencia** – non hai unha compañía única que controle Debian
    E un sistema de toma de decisións aberto (*laborocracia* + *democracia*)
- **Afeccionados** no bo sentido: traballar por amor ao arte

Paquetes de Debian

- Ficheiros **.deb** (paquetes binarios)
- Unha forma potente e cómoda de distribuír os programas aos usuarios
- Un dos dous formatos de paquetes máis usados, xunto con RPM
- Universal:
  - Hai 30 000 paquetes binarios en Debian
    $\rightarrow$ a maioría dos programas libres están empaquetados en Debian!
  - Dispoñibles en 12 arquitecturas, incluíndo 2 non Linux (Hurd, kFreeBSD)
  - Tamén os usan 120 distribucións derivadas de Debian

O formato de empaquetado Deb

- ficheiro `.deb`: un arquivo `ar`

```
$ ar tv wget_1.12-2.1_i386.deb
rw-r--r-- 0/0      4 Sep  5 15:43 2010 debian-binary
rw-r--r-- 0/0   2403 Sep  5 15:43 2010 control.tar.gz
rw-r--r-- 0/0 751613 Sep  5 15:43 2010 data.tar.gz
```

  - `debian-binary`: versión do formato do ficheiro deb, `"2.0\n"`
  - `control.tar.gz`: metainformación sobre o paquete
    `control, md5sums, (pre|post)(rm|inst), triggers, shlibs,...`
  - `data.tar.gz`: ficheiros coa información do paquete

- Pódense crear os ficheiros `.deb` manualmente
  `http://tldp.org/HOWTO/html_single/Debian-Binary-Package-Building-HOWTO/`

- Pero a maioría da xente non o fai así

Neste titorial: crear paquetes Debian, á maneira Debian

Ferramentas necesarias

- Un sistema Debian (ou Ubuntu) con acceso de superusuario
- Algúns paquetes:
  - **build-essential**: depende de paquetes que se supoñen instalados na máquina do desenvolvedor (non se necesitan indicar no campo de control `Build-Depends:` do teu paquete)
    - inclúe unha dependencia a **dpkg-dev**, que contén ferramentas básicas para crear paquetes específicas para Debian
  - **devscripts**: conten moitos programas útiles para os mantedores de Debian

Máis tarde mencionaranse outras ferramentas, coma **debhelper**, **cdbs**, **quilt**, **pbuilder**, **sbuild**, **lintian**, **svn-buildpackage**, **git-buildpackage**, ...
Instáleas cando as precise.

Fluxo de traballo xeral



Exemplo: recompilando dash

1. Instale os paquetes necesarios para compilar dash, e devscripts
   `sudo apt-get build-dep dash`
   (require as liñas `deb-src` en `/etc/apt/sources.list`)
   `sudo apt-get install --no-install-recommends devscripts fakeroot`
2. Cree un cartafol de traballo, e entre nel:
   `mkdir /tmp/debian-tutorial ; cd /tmp/debian-tutorial`
3. Obteña o paquete fonte de `dash`
   `apt-get source dash`
   (Isto require que teña as liñas `deb-src` no seu `/etc/apt/sources.list`)
4. Compila o paquete
   `cd dash-*`
   `debuild -us -uc` (`-us -uc` desactiva a firma do paquete con GPG)
5. Comprobe se funcionou
   - Hai algúns ficheiros `.deb` novos no cartafol superior
6. Fíxese no directorio `debian/`
   - É aí onde se realiza o traballo de empaquetado.

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Paquete fonte

- Un paquete fonte pode xerar varios paquetes binarios
  p.e. a fonte `libtar` xera os paquetes binarios `libtar0` e `libtar-dev`
- Dous tipos de paquetes: (se ten dúbidas, escolla non nativo)
  - Paquetes nativos: normalmente programas específicos para Debian (*dpkg*, *apt*)
  - Paquetes non nativos: programas desenvoltos fora de Debian
- Ficheiro principal: `.dsc` (meta-información)
- Outros ficheiros dependendo da versión do formato fonte
  - 1.0 ou 3.0 (nativo): `paquete_version.tar.gz`
  - 1.0 (non nativo):
    - `pkg_ver.orig.tar.gz`: fonte orixinal
    - `pkg_debver.diff.gz`: parche para engadir cambios específicos para Debian
  - 3.0 (quilt):
    - `pkg_ver.orig.tar.gz`: fonte orixinal
    - `pkg_debver.debian.tar.gz`: arquivo tar cos cambios de Debian

(ver `dpkg-source(1)` para máis información)

Exemplo de paquete fonte (wget_1.12-2.1.dsc)

```
Format: 3.0 (quilt)
Source: wget
Binary: wget
Architecture: any
Version: 1.12-2.1
Maintainer: Noel Kothe <noel@debian.org>
Homepage: http://www.gnu.org/software/wget/
Standards-Version: 3.8.4
Build-Depends: debhelper (>> 5.0.0), gettext, texinfo,
 libssl-dev (>= 0.9.8), dpatch, info2man
Checksums-Sha1:
 50d4ed2441e67[..]1ee0e94248 2464747 wget_1.12.orig.tar.gz
 d4c1c8bbe431d[..]dd7cef3611 48308 wget_1.12-2.1.debian.tar.gz
Checksums-Sha256:
 7578ed0974e12[..]dcba65b572 2464747 wget_1.12.orig.tar.gz
 1e9b0c4c00eae[..]89c402ad78 48308 wget_1.12-2.1.debian.tar.gz
Files:
 141461b9c04e4[..]9d1f2abf83 2464747 wget_1.12.orig.tar.gz
 e93123c934e3c[..]2f380278c2 48308 wget_1.12-2.1.debian.tar.gz
```

Obtendo un paquete fonte existente

- no arquivo Debian:
  - `apt-get source` *`package`*
  - `apt-get source` *`package=version`*
  - `apt-get source` *`package/release`*

  (Necesita as liñas `deb-src` no `sources.list`)

- Do Internet:
  - `dget` *`url-to.dsc`*
  - `dget http://snapshot.debian.org/archive/debian-archive/20090802T004153Z/debian/dists/bo/main/source/web/wget_1.4.4-6.dsc`
    (`snapshot.d.o` encárgase de todos os paquetes Debian dende o 2006)

- Dende o sistema (declarado) de control de versións:
  - `debcheckout` *`package`*

- Cando se descargue, descomprímao con `dpkg-source -x` *`file.dsc`*

Crear un paquete fonte básico

- Descarga a fonte orixinal
  (*fonte orixinal* = a que provén os desenvolvedores orixinais do programa)
- Renoméeo a `<fonte_paquete>_<orixinal_versión>.orig.tar.gz`
  (por exemplo: `simgrid_3.6.orig.tar.gz`)
- Descomprímeo
- Renomea o cartafol a `<fonte_paquete>-<orixinal_versión>`
  (por exemplo: `simgrid-3.6`)
- `cd <fonte_paquete>-<orixinal_versión> && dh_make`
  (do paquete **dh-make**)
- Hai algunhas alternativas a `dh_make` para conxuntos específicos de paquetes: **dh-make-perl**, **dh-make-php**, ...
- Creado cartafol `debian/`, con moitos ficheiros nel

Ficheiros en debian/

Todo o traballo de empaquetar débese facer editando os ficheiros en `debian/`

- Ficheiros principais:
  - **control** – metainformación sobre o paquete (dependencias, etc)
  - **rules** – especifica como compilar o paquete
  - **copyright** – información do paquete sobre dereitos de autor
  - **changelog** – historial do paquete de Debian
- Outros ficheiros:
  - compat
  - watch
  - obxectivos dh_install*
    *.dirs, *.docs, *.manpages, . . .
  - programiños dos mantedores
    *.postinst, *.prerm, . . .
  - source/format
  - patches/ – se os necesitas para modificar a fonte orixinal
- Algúns ficheiros usan un formato baseado no RFC 882 (cabeceiras do correo-e)

debian/changelog

- Rexistra os cambios no empaquetado de Debian
- Garda a versión actual do paquete

$$\underbrace{1.2.1.1}_{\text{versión orixinal}}\underbrace{-5}_{\text{revisión Debian}}$$

- Editar manualmente ou con `dch`
  - Crear unha entrada no rexistro de cambios para unha nova versión: `dch -i`
- Formato especial para pechar automaticamente fallos en Debian ou Ubuntu
  Debian: `Closes: #595268`; Ubuntu: `LP: #616929`
- Instalado coma `/usr/share/doc/`*`paquete`*`/changelog.Debian.gz`

```
mpich2 (1.2.1.1-5) unstable; urgency=low

  * Use /usr/bin/python instead of /usr/bin/python2.5. Allow
    to drop dependency on python2.5.  Closes: #595268
  * Make /usr/bin/mpdroot setuid. This is the default after
    the installation of mpich2 from source, too. LP: #616929
    + Add corresponding lintian override.

 -- Lucas Nussbaum <lucas@debian.org>  Wed, 15 Sep 2010 18:13:44 +0200
```

debian/control

- Metainformación do paquete
  - Do paquete fonte en si
  - Para cada paquete binario compilado dende esta fonte
- Nome do paquete, sección, prioridade, mantedor, subidores, dependencias de compilación, dependencias, descrición, páxina, ...
- Documentación: Políticas de Debian, capítulo 5
  `https://www.debian.org/doc/debian-policy/ch-controlfields`

```
Source: wget
Section: web
Priority: important
Maintainer: Noel Kothe <noel@debian.org>
Build-Depends: debhelper (>> 5.0.0), gettext, texinfo,
 libssl-dev (>= 0.9.8), dpatch, info2man
Standards-Version: 3.8.4
Homepage: http://www.gnu.org/software/wget/

Package: wget
Architecture: any
Depends: ${shlibs:Depends}, ${misc:Depends}
Description: retrieves files from the web
 Wget is a network utility to retrieve files from the Web
```

Arquitectura: todas ou calquera

Dous tipos de paquetes binarios:

- Paquetes con contidos diferentes dependendo da arquitectura Debian
  - Exemplo: Programa C
  - `Architecture: any` en `debian/control`
    - Ou, se só funciona nun certo número de arquitecturas: `Architecture: amd64 i386 ia64 hurd-i386`
  - buildd.debian.org: compila as outras arquitecturas por ti ao o subires
  - Nomeado *paquete_versión_arquitectura*.deb

- Paquetes co mesmo contido en todas as arquitecturas
  - Exemplo: biblioteca Perl
  - `Architecture: all` en `debian/control`
  - Nomeado *paquete_versión_all*.deb

Un paquete fonte pode xerar unha mestura de paquetes binarios `Architecture: any` e `Architecture: all`

debian/rules

- Makefile
- Interface usada para compilar paquetes Debian
- Explicado na Política de Debian, capítulo 4.8
  `https://www.debian.org/doc/debian-policy/ch-source#s-debianrules`
- Obxectivos requiridos:
  - `build, build-arch, build-indep`: encargaranse de toda a configuración e compilación
  - `binary, binary-arch, binary-indep`: compilan os paquetes binarios
    - `dpkg-buildpackage` chamará a `binary` para compilar todos os paquetes, ou a `binary-arch` para compilar soamente os paquetes `Architecture: any`
  - `clean`: limpa o cartafol fonte

Axudas no empaquetado – debhelper

- Podes escribir código da liña de ordes directamente en `debian/rules`
- Boas prácticas (usado na maioría dos paquetes): usa un *Axudante no empaquetado*
- Máis popular: **debhelper** (usado polo 98% dos paquetes)
- Obxectivos:
  - Organizar as tarefas comúns nas ferramentas normativizadas usadas por todos os paquetes
  - Arranxar algúns fallos de empaquetado en todos os paquetes

dh_installdirs, dh_installchangelogs, dh_installdocs, dh_install, dh_installdebconf, dh_installinit, dh_link, dh_strip, dh_compress, dh_fixperms, dh_perl, dh_makeshlibs, dh_installdeb, dh_shlibdeps, dh_gencontrol, dh_md5sums, dh_builddeb, ...

  - Chamado dende `debian/rules`
  - Pódese configurar usando opcións na liña de ordes ou ficheiros en `debian/`

package`.docs`, *package*`.examples`, *package*`.install`, *package*`.manpages`, ...

- Axudas de terceiros para conxuntos de paquetes: **python-support**, **dh_ocaml**, ...
- `debian/compat`: Versión compatible de debhelper
  - Define o comportamento preciso de dh_*

debian/rules usando debhelper (1/2)

```
#!/usr/bin/make -f

# Descomenta para activar o modo detallado.
#export DH_VERBOSE=1

build:
        $(MAKE)
        #docbook-to-man debian/nomepaquete.sgml > nomepaquete.1

clean:
        dh_testdir
        dh_testroot
        rm -f build-stamp configure-stamp
        $(MAKE) clean
        dh_clean

install: build
        dh_testdir
        dh_testroot
        dh_clean -k
        dh_installdirs
        # Engade aquí comandos para instalar o paquete en debian/nomep
        $(MAKE) DESTDIR=$(CURDIR)/debian/nomepaquete install
```

debian/rules usando debhelper (2/2)

```
# Compilar ficheiros comúns a todas as arquitecturas aquí.
binary-indep: build install

# Compilar ficheiros específicos a cada arquitectura aquí.
binary-arch: build install
        dh_testdir
        dh_testroot
        dh_installchangelogs
        dh_installdocs
        dh_installexamples
        dh_install
        dh_installman
        dh_link
        dh_strip
        dh_compress
        dh_fixperms
        dh_installdeb
        dh_shlibdeps
        dh_gencontrol
        dh_md5sums
        dh_builddeb

binary: binary-indep binary-arch
.PHONY: build clean binary-indep binary-arch binary install configure
```

CDBS

- Con debhelper, inda queda moita redundancia entre paquetes
- Axudas de segundo nivel que organizan funcións comúns
  - Por exemplo compilando con `./configure && make && make install` ou CMake
- CDBS:
  - Introducido en 2005, baseado en maxia avanzada do *GNU make*
  - Documentación: `/usr/share/doc/cdbs/`
  - É compatible con Perl, Pyton, Ruby, GNOME, KDE, Java, Haskell, ...
  - Pero algunhas persoas o odian:
    - As veces é difícil personalizar as compilacións dos paquetes: «*labirinto arrevesado de makefiles e variables do entorno*»
    - Máis lento que usar só o debhelper (moitas chamadas inútiles a `dh_*`)

```
#!/usr/bin/make -f
include /usr/share/cdbs/1/rules/debhelper.mk
include /usr/share/cdbs/1/class/autotools.mk

# Engadir unha acción despois de compilar
build/meupaquete::
    /bin/bash debian/scripts/foo.sh
```

Dh (tamén chamado Debhelper 7, ou dh7)

- Introducido en 2008 como o *asasino do CDBS*
- comando **dh** que chama `dh_*`
- Sinxelo *debian/rules*, só describindo as ordes substituídas
- Máis sinxelo de personalizar que o CDBS
- Documentación: páxinas do manual (`debhelper(7)`, `dh(1)`) + presentacións da conferencia DebConf9
  `http://kitenet.net/~joey/talks/debhelper/debhelper-slides.pdf`

```
#!/usr/bin/make -f
%:
    dh $@

override_dh_auto_configure:
     dh_auto_configure -- --with-kitchen-sink

override_dh_auto_build:
     make world
```

debhelper clásico contra CDBS contra dh

- Porcentaxes de popularidade:
  debhelper clásico: 15% CDBS: 15% dh: 68%
- Cales debería coñecer?
  - Probablemente todos
  - Necesitas coñecer debhelper para usar dh e CDBS
  - Ao mellor tes que modificar paquetes CDBS
- Cal debería usar para un novo paquete?
  - **dh** (o único cuxa popularidade crece)
  - Véxase `https://trends.debian.net/#build-systems`

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Compilando paquetes

- `apt-get build-dep mypackage`
  Instala as dependencias de compilación *build-dependencies* (para paquetes xa existentes en Debian)
  Ou `mk-build-deps -ir` (para paquetes non existentes)

- `debuild`: Compila e proba con `lintian`, firma con GPG

- Tamén pode chamar a `dpkg-buildpackage` directamente
  - Normalmente con `dpkg-buildpackage -us -uc`

- É mellor compilar os paquetes nun ambiente limpo e co mínimo necesario

  - `pbuilder` – Axuda para compilar paquetes nun *chroot*
    Boa documentación: `https://wiki.ubuntu.com/PbuilderHowto`
    (optimización: `cowbuilder ccache distcc`)

  - `schroot` e `sbuild`: usados nos daemons
    (non é tan sinxelo coma `pbuilder`, pero permite usar imaxes LVM
    véxase: `https://help.ubuntu.com/community/SbuildLVMHowto`)

- Xera ficheiros `.deb` e un ficheiro `.changes`

Instalando e probando paquetes

- Instalar o paquete de forma local: `debi` (usa `.changes` para saber que ten que instalar)
- Amosar os contidos do paquete: `debc ../mypackage<TAB>.changes`
- Comparar o paquete cunha versión anterior:
  `debdiff ../mypackage_1_*.changes ../mypackage_2_*.changes`
  ou comparar as fontes:
  `debdiff ../mypackage_1_*.dsc ../mypackage_2_*.dsc`
- Comprobar o paquete co analizador estático `lintian`:
  `lintian ../mypackage<TAB>.changes`
  `lintian -i`: da máis información sobre os erros
  `lintian -EviIL +pedantic`: amosa máis erros
- Subir o paquete a Debian (`dput`) (previa configuración)
- Xestionar un arquivo privado de Debian con `reprepro` ou `aptly`
  Documentación:
  `https://wiki.debian.org/HowToSetupADebianRepository`

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Sesión práctica 1: modificando o paquete grep

1. Vaia a `http://ftp.debian.org/debian/pool/main/g/grep/` e descargue a versión 2.12-2 do paquete
   - Se o paquete fonte non se descomprime automáticamente, descomprímao con `dpkg-source -x grep_*.dsc`
2. Fixese nos ficheiros en `debian/`.
   - Cantos paquetes binarios son xerados por este paquete fonte?
   - Que programa de empaquetado usa este paquete?
3. Compile o paquete
4. Agora imos modificar o paquete. Engada unha entrada no rexistro de cambios e aumente o número de versión.
5. Agora desactiea a compatibilidade con perl-regexp (é unha opción en exttt./configure)
6. Recompile o paquete
7. Compare o orixinal e o novo paquete con debdiff
8. Instale o novo paquete recentemente compilado

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

debian/copyright

- Información das licencias e dos dereitos de autor da fonte e do paquete
- Tradicionalmente un ficheiro de texto
- Novos formatos lexibles polos ordenadores:
  `https://www.debian.org/doc/packaging-manuals/copyright-format/1.0/`

```
Format: https://www.debian.org/doc/packaging-manuals/copyright-format/1.0/
Upstream-Name: X Solitaire
Source: ftp://ftp.example.com/pub/games

Files: *
Copyright: Copyright 1998 John Doe <jdoe@example.com>
License: GPL-2+
 This program is free software; you can redistribute it
 [...]
 .
 On Debian systems, the full text of the GNU General Public
 License version 2 can be found in the file
 '/usr/share/common-licenses/GPL-2'.

Files: debian/*
Copyright: Copyright 1998 Jane Smith <jsmith@example.net>
License:
 [TEXTO DA LICENCIA]
```

Modificando a fonte orixinal

As veces hai que:

- Arranxar fallos ou engadir personalizacións específicas de Debian
- Copiar parches dunha versión máis actual na fonte orixinal

Algunhas formas de facelo:

- Modificando directamente os ficheiros
  - Sinxelo
  - Pero non temos forma de rexistrar e documentar os cambios
- Usando o sistema de parches
  - Facilita a contribución dos teus parches á fonte orixinal
  - Axuda a compartir os parches cos derivativos
  - Dalle máis publicidade aos cambios
    `http://patch-tracker.debian.org/` (por agora non funciona)

Sistemas de parcheado

- Principios: os cambios almacénanse coma parches en `debian/patches/`
- Aplicados e quitados durante a compilación
- Antes: varias implementacións – *simple-patchsys* (*cdbs*), *dpatch*, ***quilt***
  - Cada unha permite dous obxectivos de `debian/rules`:
    - `debian/rules patch`: aplica todos os parches
    - `debian/rules unpatch`: quita todos os parches
  - Máis información: `https://wiki.debian.org/debian/patches`
- **Novo formato do paquete fonte cun sistema de parches incorporado: 3.0 (quilt)**
  - Solución recomendada
  - Terá que coñecer *quilt* `https://perl-team.pages.debian.net/howto/quilt.html`
  - Ferramenta válida para todos os sistemas de parches en `devscripts`: `edit-patch`

Documentar os parches

- Cabeceiras normativizadas ao comenzo do parche
- Documentado en DEP-3 - Normas para o Etiquetado de Parches
  http://dep.debian.net/deps/dep3/

```
Description: Arranxar a velocidade ao fedellar nos trebellos
 Fedellar nos trebellos moi r{\'a}pido causaba explosi{\'o}ns.
Forwarded: http://lists.example.com/2010/03/1234.html
Author: John Doe <johndoe-guest@users.alioth.debian.org>
Applied-Upstream: 1.2, http://bzr.foo.com/frobnicator/revision/123
Last-Update: 2010-03-29

--- a/src/widgets.c
+++ b/src/widgets.c
@@ -101,9 +101,6 @@ struct {
```

Facendo cousas durante a instalación e o borrado

- As veces non é suficiente descomprimir o paquete
- Crear/borrar usuarios do sistema, arrancar/parar servizos, xestionar *alternativas*
- Iso faise nos *programas de mantemento*
  `preinst, postinst, prerm, postrm`
  - Pódense xerar exemplos para accións comúns con debhelper
- Documentación:
  - Manual das Políticas de Debian, capítulo 6
    `https://www.debian.org/doc/debian-policy/ch-maintainerscripts`
  - Informe dos Desenvolvedores de Debian, capítulo 6.4
    `https://www.debian.org/doc/developers-reference/best-pkging-practices.html`
  - `https://people.debian.org/~srivasta/MaintainerScripts.html`
- Preguntarlle ao usuario
  - Débese facer con **debconf**
  - Documentación: `debconf-devel(7)` (paquete `debconf-doc`)

Vixiando as versións da fonte orixinal

- Indica onde mirar en `debian/watch` (véxase `uscan(1)`)

```
version=3

http://tmrc.mit.edu/mirror/twisted/Twisted/(\d\.\d)/ \
  Twisted-([\d\.]*)\.tar\.bz2
```

- Hai rastrexadores de novas versións nas fontes orixinais, que lle avisan automaticamente ao mantedor mediante diferentes paneis de control, como `https://tracker.debian.org/` e `https://udd.debian.org/dmd/`
- `uscan`: executar unha comprobación manual
- `uupdate`: tenta actualizar o teu paquete á última versión da fonte orixinal

Empaquetando cun Sistema de Control de Versións

- Varias ferramentas para axudarche a xestionar as pólas e etiquetas no teu empaquetado:
  `svn-buildpackage`, `git-buildpackage`
- Exemplo: `git-buildpackage`
  - A póla `upstream` para seguir a fonte orixinal coa etiqueta `upstream/`*`version`*
  - A póla `master` segue o paquete de Debian
  - Para cada subída as etiquetas `debian/`*`version`*
  - A póla `pristine-tar` para reconstruír o arquivo tar orixinal

  Documentación: `http://honk.sigxcpu.org/projects/git-buildpackage/manual-html/gbp.html`
- Para atopar o repositorio use os campos `Vcs-*` en `debian/control`
  - `https://wiki.debian.org/Salsa`

```
Navegador SCV: https://salsa.debian.org/debian/devscripts
SCV Git: https://salsa.debian.org/debian/devscripts.git

Navegador SCV: https://salsa.debian.org/perl-team/modules/packages/libwww-perl
SCV Git: https://salsa.debian.org/perl-team/modules/packages/libwww-perl.git
```

- Interface SCV independente: `debcheckout`, `debcommit`, `debrelease`

Modernizar paquetes

- Obxectivo: usar unha versión nova do paquete nun sistema vello
  p.e. usar *mutt* de Debian *inestable* en Debian *estable*
- Idea xeral:
  - Coller o paquete fonte de Debian inestable
  - Modificalo para que compile e funcione ben en Debian estable
    - Ás veces banal (non necesita cambios)
    - Ás veces dificil
    - Ás veces imposible (hai moitas dependencias que non se poden conseguir)
- Algunhas modernizacións («backports» en inglés) está feitas e aprobadas polo proxecto Debian
  `http://backports.debian.org/`

Contidos

1. Introdución
2. Creando paquetes fonte
3. Compilando e probando paquetes
4. Sesión práctica 1: modificando o paquete grep
5. Temas de empaquetado avanzados
6. Mantendo paquetes en Debian
7. Conclusión
8. Sesións prácticas adicionais
9. Respostas ás sesións prácticas

Arquivo e suites de Debian



Baseado nu gráfico de Antoine Beaupré. `https://salsa.debian.org/debian/package-cycle`

Suites para o desenvolvemento

- As novas versións dos paquetes sóbense á suite inestable **unstable** (**sid**)
- Os paquetes migran dende **unstable** a **testing** dependendo de varios criterios (coma que leve en unstable 10 días, e que non tivera regresións)
- Os novos paquetes tamén se poden subir a:
  - **experimental** (para os paquetes máis *experimentais*, por exemplo cando a nova versión inda non está lista para substituír á que xa existe en inestable)
  - **testing-proposed-updates**, para actualizar a versión de probas en **testing** sen pasar por **unstable** (non se adoita facer)

Conxelando e soltando unha nova versión

- Chegado o momento no ciclo de versións, o equipo de versións decide *conxelar* as probas: páranse as migracións automáticas dende **unstable** a **testing**, e substitúense por unha aprobación manual
- Cando o equipo de versións considera que **testing** está listo para saír:
  - A suite de probas **testing** convértese na nova suite **stable**
  - Da mesma forma, o anterior **stable** convértese en **oldstable**
  - As versións que quedaron sen mantemento móvense a `archive.debian.org`
- Véxase `https://release.debian.org/`

Xestión e suites das versións estables

- Úsanse varias suites para fornecer a versión estable dos paquetes:
  - **stable**: a suite principal
  - A suite de actualizacións **security** aloxada en `security.debian.org`, usada polo equipo de seguridade. As actualizacións anúncianse na lista de correo `debian-security-announce`
  - **stable-updates**: actualizacións estables que non están relacionadas coa seguridade, pero que deberían ser instaladas con urxencia (sen esperar á seguinte versión punto): bases de datos dos antivirus, paquetes relacionados coas franxas horarias, etc. Anúncianse na lista de correo `debian-stable-announce`
  - **backports**: Modernizacións baseadas na versión en **testing**
- A suite estable **stable** actualízase cada par de meses por *versións punto estables* (que só inclúen arranxar fallos)
  - Os paquetes pensando na seguinte versión punto estable sóbense á suite de propostas de actualización **stable-proposed-updates** e son revisadas polo equipo de versións
- A seguinte versión estable anterior **oldstable** ten o mesmo conxunto de suites

Varias maneiras de contribuír a Debian

- As **peores** maneiras de contribuír:
  1. Empaquetar a túa propia aplicación
  2. Metela en Debian
  3. E desaparecer

- As **mellores** maneiras de contribuír:
  - Implicarse nos equipos de empaquetado
    - Moitos equipos céntranse nun conxunto de paquetes, e necesitan axuda
    - Equipos dispoñibles en `https://wiki.debian.org/Teams`
    - Unha maneira excelente de aprender dos contribuíntes máis experimentados
  - Adoptar paquetes xa existentes pero sen mantedores (*paquetes orfos*)
  - Traer novos programas a Debian
    - Pero só se son interesantes e/ou útiles, por favor
    - Hai alternativas xa empaquetadas en Debian?

Adoptar paquetes orfos

